

Resumo do resultado final da negociación retributiva

## QUERIAMOS MÁIS, PERO NON É POUCO

O día 7 de agosto deuse por rematada a negociación retributiva que se viña mantendo co Sergas durante os dous meses anteriores. O resultado final desa negociación quedou plasmado en dous documentos, que se someterán á ratificación formal dos sindicatos neste mes de setembro, si ben algúns xa anunciamos naquel momento a nosa disposición a suscribir un acordo si se respetaban os contidos e as condicións alí comprometidas.

As conquistas relevantes desta negociación serían as seguintes:

### 1 INCREMENTOS RETRIBUTIVOS XERAIS

GRUPO	SANITARIO Euros/ano	NON SANITARIO Euros/ano	Equivalencia Ptas/mes		COMPARACIÓN ACORDO 2001
A	3.150	1.700	43.676	23.571	0
B	<i>especializada</i> 1.550 <i>primaria</i> 500 + 330 + 375 <i>(fixo + si domicilios + CPV a fixo)</i>	1.350	21.492	18.718	21.000
			6.933 + 4.576 + 5.208		
C	1.200	1.200	16.639	16.639	12.000
D	1.100	1.100	15.252	15.252	10.000
E		1.050		14.559	8.500
<p><i>Todos estes incrementos se distribuen en tres prazos do 40%-30%-30%</i> <i>Na nómina de xaneiro 2006 percibiríase xa a totalidade do incremento</i></p>					

### 2 VALOR DAS GARDAS E DAS NOITES

A partir da entrada en vigor do acordo, abriráse unha negociación independente para revisar a retribución das gardas e das noites. Ao menos, as noites que coinciden en domingo/festivo tamén percibirán o plus de domingo/festivo, incrementando na práctica o pago da nocturnidade.

### 3 ACCIÓN SOCIAL

Establecese un novo tratamento da Acción Social, no que se modificará a xestión e a distribución dos actuais programas e fondos económicos. Incrementanse os actuais fondos en 100.000 euros (un 15% máis respecto do fondo actual), que se destinarán a novos programas de axuda.



## 4 OUTROS TEMAS QUE CONSIDERAMOS DE INTERÉS

- a) a reapertura anual da oferta de integración no réxime estatutario do persoal funcionario e laboral dos centros transferidos ao Sergas dende outras administracións
- b) a convocatoria dunha mesa negociadora para revisar a situación do persoal inda non integrado
- c) o acceso do persoal de cota e zona ás retribucións por programas de obxectivos existentes nas Unidades de Atención Primaria

### EN BASE A ESES CONTIDOS PARA NÓS MÁIS RELEVANTES, ¿POR QUÉ MANIFESTAMOS A NOSA DISPOSICIÓN A SUSCRIBIR O ACORDO?

**Podemos decir sobre as cuantías de incremento** que nos gustaría que fosen inda maiores, pero non podemos decir sen faltar á verdade que esas cuantías son pequenas:

- Porque representan incrementos salariais entre o 8% e o 9%, adicionais ás subidas xerais que establezan os correspondentes presupostos anuais, moi superiores a calquera outro convenio ou acordo do noso entorno.
- Porque sumadas aos incrementos do anterior acordo do 2001, supoñen unhas subidas salariais entre un mínimo de 23.000 ptas mensuais e un máximo de 43.000.
- Porque son importes sensiblemente superiores aos do acordo do 2001, que lle valeron entón a todo o mundo como cifras de incremento importantes.

**Podemos decir sobre os prazos** que preferiamos que fosen máis curtos, pero non podemos decir que nos hipotequen en nada xa que a terca realidade demostra que só se consiguen negociar acordos retributivos xerais cada catro ou cinco anos (os precedentes son de 1982-83, 1987, 1991, 1996 e 2001), e é a primeira vez por tanto que conquistamos un novo acordo retributivo a dous anos do anterior. ¿Quén dá máis?

**Podemos decir** que non nos contenta o inferior incremento que se establece **para a enfermería de primaria**, pero non esquecemos que a pretensión da Administración era aplicarlles un incremento cero e que por elo adicamos boa parte do esforzo negociador a rachar ese obxectivo. Por eso mesmo tamén é o colectivo no que conseguimos incrementar en maior cuantía as propostas iniciais do Sergas.

**Podemos decir** que non logramos directamente o obxectivo de incrementar o **valor das gardas e das noites**, pero tamén é certo que puxemos como condición a apertura dunha negociación inmediata e monográfica sobre este asunto, e así está expresamente recollido. Ahí seguiremos loitando.

**Podemos decir** que é a primeira vez dende o ano 77 que se consegue a negociación sobre os fondos e programas de **acción social** no noso sector, e é a primeira vez tamén que se consegue incrementar os fondos que o Sergas destina a esta cuestión. E abrir o melón da acción social era un obxectivo preferente para nós nesta negociación.

Podemos debatir por tanto si o resultado final desta negociación retributiva nos gusta máis ou nos gusta menos, pero pensamos que sería un debate puramente demagórico xa que

para a CIG a interrogante non é  
**¿un acordo así nos gusta, ou non nos gusta?,**  
senón que a cuestión clave será máis ben esta outra:  
**¿Acordo ou Folga?**

Porque aquí ninguén regala nada, e os incrementos salariais non son un dereito senón unha conquista. Entón ¿había forza para máis?. A resposta foi que non. Conclusión: non desprezamos o moito conseguido e continuamos traballando para acadar novas e mellores condicións de traballo.

